

ID#242

A Fontaneira – Baleira, 1978

Informante: Florencio López Fernández, "o cego dos Vilares"

Compilador: César Álvarez

Colección de Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias

Transcripción: Sergio de la Ossa, rev. X.L. Rivas

1. Vinde a parrafear, nenas
qu' os mozos veñen chegando
veñen da América ricos
pa casarse de contado.
2. —Que é o que che pasa, galán
que hoxe non me conoces?
Pois paso polo teu lado
non me falas nin respondes.
3. —Que me ha de pasar, meiga
por que te cortache o pelo?
si antes eras tan fea
ahora parece-lo demo.
4. Pois non me insultes, canalla
que esto hoxe anda de moda
a moza que non se pinta
non sabe que é cousa boa.
5. Pois pra casarte comigo
tes que deixar de pintarte
que pareces unha mona
desas dos escaparates.
6. Xa que tanto me reprendes
rapaz, terei que deixarte
cuando ahora fas eso
que farás desque me case?
7. A que se case comigo
tenche que andar moi direita
porqui eu si sei que bufá
heille dar untura fresca.
8. E así fan todos os homes
cuando andan parrafando
todos parecen santiños
pero despois son diablos.
9. Eso farano algúns
porqu' hai mulleres tan malas
qu' ó home danlle un caldiño
i elas comen as talladas.
10. Pois deixémonos de contos
casémonos de contado
[...]
[...]



Museo
do Pobo
Galego



iei
instituto de
estudios das
identidades